



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Procesos de Terapia Ocupacional		Código	653G01204
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Ávila Álvarez, Adriana Ivette	Correo electrónico	adriana.avila.alvarez@udc.es	
Profesorado	Ávila Álvarez, Adriana Ivette Dacuña Vázquez, Inés	Correo electrónico	adriana.avila.alvarez@udc.es ines.vazquez3@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta asignatura pretende el desarrollo de competencias que permitan al alumnado comprender y aplicar los conocimientos relacionados con el proceso de intervención en Terapia Ocupacional.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Conocimiento de los fundamentos teóricos y principios filosóficos, modelos, metodologías, técnicas, evaluaciones y valoraciones de Terapia Ocupacional necesarios para reconocer e interpretar los procesos de terapia ocupacional en diversos contextos.</p>			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

- Non se realizarán cambios.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

- Aprendizaxe colaborativa
- Discusión dirixida
- Lecturas
- Traballos tutelados
- Estudo de casos
- Sesión maxistral (realizarase mediante Teams)
- Atención personalizada

*Metodoloxías docentes que se modifican

Ante un escenario de non presencialidade:

- Suprímense as Prácticas de laboratorio, debido a que non se poden facer presencialmente. Manterase unha sesión semanal virtual con cada grupo de prácticas de laboratorio, adaptando os contidos a dita modalidade.
 - Ademais, en dito escenario de non presencialidade, introduciríanse en caso preciso:
 - o Debate virtual: Técnica de dinámica de grupos que xira en torno a unha discusión onde as persoas dialogan sobre un tema específico seguindo un esquema previsto. Intervén un moderador, que leva o debate. Desenvólvese a través dun contorno virtual de aprendizaxe, podendo empregarse o Chat que ofrece Moodle ou as videochamadas mediante Teams.
 - o Foro virtual: Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).
- Ambas dúas metodoloxías non serán avaliadas, senon que serán empregadas para facilitar a consecución dos obxectivos ensinanza-aprendizaxe. Serán metodoloxías compartidas coa discusión dirixida pero que se amoldan mellor á ensinanza virtual (non presencial).

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

Para levar a cabo as metodoloxías docentes e realizar un seguimento individualizado non presencial do alumnado, propoñeranse as seguintes plataformas:

- Teams: estimase realizar 2 sesións semanais cumprindo co establecido no calendario académico. Realizaríase unha sesión semanal con todo o grupo clase e unha sesión para cada un dos grupos de traballo (TGR), en función da quenda de cada grupo. Desta forma, facilítase a explicación dos contidos teóricos para todo o grupo e así mesmo realízase un seguimento individualizado de cada grupo cos seus respectivos traballos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Ademais, Teams será empregado para realizar titorías virtuais individualizadas co alumnado. Será preciso que o/a alumno/a interesado realice unha petición previa por correo electrónico ás docentes da materia en caso de ter dúbidas concretas e de precisar resolvelas individualmente. Así mesmo, en caso de ser preciso, o profesorado indicará a necesidade de realizar atención personalizada en pequenos grupos ou de maneira individualizada, según proceda.
- Moodle: o alumnado dispoñerá na plataforma do material empregado durante o curso académico. Cada semana actualizaranse os temas correspondentes mediante píldoras formativas (contido audiovisual desenvolto polos/as docentes). Tamén usaremos a ferramenta ?Mensaxes? para poder realizar unha comunicación o máis individualizada posible co alumnado interesado. Os foros virtuais serán de axuda para facer comunicados xerais sobre a materia a todo o alumnado, así como para a resolución común de dúbidas.
- Correo electrónico: empregarase para informar ao alumnado sobre as adaptacións realizadas para facer o proceso de avaliación da segunda convocatoria en modalidade non presencial. Os/as estudantes empregarán o correo electrónico para comunicarse coas docentes e poder resolver calquera dúbida relacionada coa segunda oportunidade e a súa avaliación.



4. Modificacións na avaliación

- presentación oral e por escrito/Traballo Tutelado: 40%
- presentación oral e por escrito Estudo de casos: 30%
- Portafolios: 30%

*Observacións de avaliación:

- Obter un mínimo dun 50% en cada unha das metodoloxía esixidas.
- Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.
- A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios.

A documentación facilitarase mediante a plataforma Moodle e as lecturas necesarias serán dixitalizadas para facilitar que o alumnado teña acceso a ditos recursos. Empregaranse diversas fontes bibliográficas así como as plataformas da Biblioteca da Universidade da Coruña.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O alumnado debe coñecer, facer e articular os coñecementos e habilidades necesarias para identificar, reflexionar e aplicar, a teoría e a práctica no proceso de Terapia Ocupacional.	A1 A2 A7 A8 A9 A20 A33	B1 B3 B4 B12 B13 B25 B26 B29 B36	C1
O alumnado debe recoñecer, reflexionar e empregar distintos razoamentos o longo de todo o proceso de terapia ocupacional co fin de propoñer, revisar, adaptar e reaxustar as intervencións dende terapia ocupacional.	A8 A33	B10 B13	C1
O alumnado debe comprender, xustificar e identificar o potencial da ocupación con fin terapéuticos e/ou de promoción da saúde.	A1 A2 A9	B10 B12 B13 B23 B29	C1
O alumnado debe poseer o coñecemento e a capacidade para recoñecer problemas no desempeño ocupacional e identificar potenciais usos da ocupación nas diversas situacións nas que as áreas de desempeño ocupacional vense comprometidas.	A2 A9	B1 B3 B10	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Razoamento clínico e comunitario en Terapia Ocupacional	Aplicación dos distintos tipos de razoamento en Terapia Ocupacional.
Tema 2.- Implicacións dos fundamentos teóricos xerais para o/s proceso/s de Terapia Ocupacional	<p>2.1.- Articulación e aplicación dos fundamentos teóricos xerais no proceso de Terapia Ocupacional:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS). Ciencia da ocupación. Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso (AOTA). - Selección de Marcos de Referencia aplicados en coherencia coa práctica contemporánea de Terapia Ocupacional. - Aplicación e uso dos distintos Modelos para guiar a práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación. - Aplicación das principais ferramentas dos Modelos de Terapia Ocupacional.



Tema 3.- Estándares para a práctica clínica e comunitaria da
Terapia Ocupacional

3.1.- Conceptualización dos estándares para a práctica:

3.1.1.- Conceptualización dos estándares segundo diversas/os autoras/es.

3.1.2.- Aplicación dos estándares da terapia ocupacional nos diversos eidos:
sanitarios e comunitarios.

3.2.- Estándares para a práctica no proceso da Terapia Ocupacional:

3.2.1.- Derivación aos servizos de Terapia ocupacional.

3.2.2.- Avaliación ocupacional (e re-avaliacións).

3.2.3.- Planificación de metas e obxectivos en colaboración e consenso coa persoa/s,
grupo/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar.

3.2.4.- Plan de intervención e intervención a través da ocupación.

3.2.5.- Resultados obtidos da aplicación da intervención.

3.2.6.- Finalización dos servizos de terapia ocupacional e seguimento do usuario.

3.2.7.- Xestión e valoración dos servizos prestados en terapia ocupacional.



Tema 4.- Aplicación dos Estándares para a práctica da
Terapia Ocupacional

4.1.- Aplicación dos Estándares da práctica de Terapia Ocupacional:

4.1.1.- Derivación aos servizos de Terapia ocupacional:

- Derivación.
- Screening/avaliación inicial.
- Aceptación.
- Rexistro e documentación.

4.1.2.- Avaliación ocupacional (e re-avaliacións):

- Principios xerais da avaliación ocupacional.
- Perfil ocupacional e análise do desempeño ocupacional.
- Tipos de avaliación ocupacional.
- Rexistro, documentación e comunicación.

4.1.3.- Planificación de metas e obxectivos en colaboración e consenso coa persoa/s,
grupo/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar:

- Obxectivos centrados en ocupacións.
- Metodoloxía SMART/SMORT.
- Rexistro, documentación e comunicación.

4.1.4.- Plan de intervención e intervención:

- Deseño consensuado coa persoa.
- Análise terapéutica da actividade: características da actividade en Terapia Ocupacional, requisitos previos, guía da análise da actividade, adaptación e gradación da actividade, valoración terapéutica dos resultados da análise e aplicación da actividade.
- Tipos de Intervención: individual e grupal.
- Intervención centrada na persoa, entorno e ocupación.
- Métodos e técnicas empregadas en Terapia Ocupacional e aplicadas na vida cotiá da persoa usuaria. Uso terapéutico dos animais e da música.
- Habilidades de comunicación para o terapeuta ocupacional no contexto sociosanitario (continuación EPI).

4.1.5.- Resultados obtidos da aplicación da intervención:

- Re-avaliación ocupacional.
- Análise, interpretación e resumo dos resultados.
- Rexistro, documentación e comunicación.

4.1.6.- Finalización dos servizos e seguemento:

- Derivación e recomendacións
- Rexistro, documentación e comunicación

4.1.7.- Xestión e valoración dos servizos prestados:



- Principios de organización dos servizos, recursos humanos e materiais, seguridade dos usuarios e do profesional.
- Valoración do servizo prestado, enquisas de satisfacción da/o/s usuaria/o/s, familia e outras partes implicadas.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A7 A9 A20 B3 B10 B12 B13 B29 B36	8	0	8
Discusión dirixida	A2 A1 A7 A8 B23 B25 B26 C1	3	0	3
Lecturas	A7 A20 B1 B4 B10 B13 C1	0	15	15
Prácticas de laboratorio	A7 A8 A9 A20 A33 B3 B4 B10 B23 B29 B36	22	10	32
Proba mixta	A2 A1 A8 A9 A20 B3 B4 B10 B13 B25 B26 C1	2	10	12
Sesión maxistral	A2 A7 A8 A9 A20 B3 B4 B23	22	0	22
Traballos tutelados	A2 A1 A7 A8 A9 A20 A33 B1 B3 B4 B10 B12 B13 B23 B25 B26 B29 B36 C1	4	12	16
Estudo de casos	A2 A7 A9 A20 B1 B23 B29 C1	2	10	12
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Permite adquirir las competencias específicas referenciadas en esta asignatura.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas en esta asignatura.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Permite adquirir las competencias específicas referenciadas en esta asignatura.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Permite adquirir las competencias específicas referenciadas en esta asignatura.



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta asignatura.</p> <p>A sesión maxistral levarase a cabo mediante a plataforma Teams nos horarios fixados no calendario académico, coa finalidade de cumprir coas medidas de seguridade e asegurando o mesmo tempo a calidade docente.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Estudo de casos	Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Prácticas de laboratorio</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Estudo de casos</p>	<p>A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupos reducidos, en función das necesidades do alumnado e das metodoloxías empregadas. Ditas titorías serán, preferiblemente, de carácter virtual, para o que se empregará a plataforma Teams. As titorías realizaranse con previa solicitude do estudantado ou por petición do profesorado da materia.</p> <p>O horario das mesmas será no horario da materia ou nun horario consensuado entre o alumnado e o equipo de profesorado; sempre e cando non interfira co resto de actividades docentes doutras materias.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A7 A8 A9 A20 A33 B3 B4 B10 B23 B29 B36	Se valorará 1) actitude e participación: Actitude colaborativa (implicación con o grupo, con as tarefas e o desenvolvemento xeral do laboratorio); participación (interacción empática, proactiva, analítica e construtiva); Respeto (a os participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesmo/a y/o con o grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe).	25
Proba mixta	A2 A1 A8 A9 A20 B3 B4 B10 B13 B25 B26 C1	Se valorará, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (evaluando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	50
Sesión maxistral	A2 A7 A8 A9 A20 B3 B4 B23	Se valorará a asistencia, a participación e a realización e entrega adecuada dos traballos	5
Traballos tutelados	A2 A1 A7 A8 A9 A20 A33 B1 B3 B4 B10 B12 B13 B23 B25 B26 B29 B36 C1	Se valorará o informe do proceso de terapia ocupacional realizado a lo largo da materia. En este documento se debe reportar o proceso grupal e individual articulando a teoría e técnica abordada na asignatura. O emprego de literatura actualizada será fundamental.	20

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Considerarase como "non presentado" (NP) aquel ou aquela estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorrese ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado/a como "non presentado": a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que a/o estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puidese establecer.

Se valorará a puntualidade e a asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, a/o estudante debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia. Ademais, será necesario ter unha cualificación mínima de 2,5 (sobre 5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/conséguea dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta.

As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa cualificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobada e superada a proba mixta.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.



Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<p>Christiansen, C. H., Baum, C. M., & Bass-Haugen, J. (Eds.). (2015). Occupational therapy: performance, participation, and well-being (4th ed). Thorofare, NJ: Slack. Crepeau, E. B., Willard, H. S., Spackman, C. S., Cohn, E. S., & BoytSchell, B. A. (2011). Willard & Spackman, Terapia Ocupacional (11aed). Buenos Aires: Médica Panamericana. Dancza, K., & Rodger, S. (Eds.). (2018). Implementing occupation-centred practice: A practical guide for occupational therapy practice learning. Abingdon, Oxon: Routledge. Duncan, E. A. S. (Ed.). (2020). Foundations for practice in occupational therapy (6th ed.). Edinburgh: Elsevier. Durocher, E., Gibson, B. E., & Rappolt, S. (2014). Occupational Justice: A Conceptual Review. Journal of Occupational Science , 21 (4), 418-430. https://doi.org/10.1080/14427591.2013.775692 Fisher, A. G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: Same, same or different?. Scandinavian journal of occupational therapy, 20(3), 162-173. Garcia ? Margallo P. y otros. 2005. El análisis y la adaptación de la actividad en terapia Ocupacional. Madrid: Aytona Kielhofner G. 2006. Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional. 3ª ed. Buenos Aires: Editorial Médica Panamericana. Kronenberg, F., Simó Algado, S., & Pollard, N. (2006). Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu de supervivientes . Madrid: Editorial Médica Panamericana. Merlos, E. V., & Jiménez, M. S. J. (2010). Manual teórico práctico de terapia ocupacional: intervención desde la infancia a la vejez . Monsa-Prayma. Retrieved from https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=582152 O'Brien, J. C. (2018). Introduction to Occupational Therapy . St. Louis Missouri: Elsevier . Sladyk, K., Jacobs, K., & MacRae, N. (Eds.). (2010). Occupational therapy essentials for clinical competence . Thorofare, NJ: Slack. Townsend, E. A., & Polatajko, H. J. (2013). Enabling Occupation II: Advancing an Occupational Therapy Vision for Health, Well-being, & justice through Occupation. Ottawa: Canadian Association of Occupational Therapists. Willard, H. S., Spackman, C. S., & Boyt Schell, B. A. (Eds.). (2015). Willard & Spackman: Terapia ocupacional (12aed). Buenos Aires: Panamericana. World Federation of Occupational Therapists. (2009). Guiding Principles on Diversity and Culture. WFOT.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Banyard, P., Cassells, A., Green, P., Hartland, J., Hayes, N., Reddy, P. (1995). Introducción a los procesos cognitivos. Barcelona: Ariel. Blesedell, C y otros. 2005. Terapia ocupacional 10ª ed. Buenos Aires ; Madrid : Médica Panamericana. Cormier, W., Cormier L. 1994: Estrategias de entrevista para terapeutas. Bilbao: Desclée de Brouwer. Durante Molina, P., & Tarrés, P. P. (2010). Terapia Ocupacional en Geriátría. Principios y Práctica (3ª ed). Barcelona: Masson. Moruno Miralles, P., & Talavera Valverde, M. (2012). Terapia ocupacional en salud mental. Barcelona, España: Elsevier Masson. Gómez Tolón, J. 1997. "Fundamentos Metodológicos de la Terapia Ocupacional". 1ª Ed. Editorial Mira. Zaragoza. Grieve, J. 1994. Neuropsicología para terapeutas ocupacionales. Buenos Aires: Panamericana. Hussey S. y otros. 2007. Introduction to occupational therapy. St. Louis Missouri: Mosby Elsevier. MacDonald, E.M. 1979. Terapia ocupacional en rehabilitación. Barcelona: Ed. Salvat. Pedretti, L.W., Zoltan, B. 1990. "Occupational Therapy. practice skills for Physical Dysfunction". 3a Ed Editorial C. V. Mosby. Romero A. Moruno P. 2003. Terapia ocupacional. Teoría y Técnicas. Madrid. Masson. Romero A. Moruno P. 2005. Actividades de la Vida Diaria. Madrid. Masson. Reed, K. 1992. "Models of Practice in Occupational Therapy". 3a ed. Editorial Williams and Wilkins. Sánchez, L. 1996. Manual de técnicas Grupales de comunicación y Creatividad para terapeutas ocupacionales. APETO: Madrid Banyard, P., Cassells, A., Green, P., Hartland, J., Hayes, N., Reddy, P. (1995). Introducción a los procesos cognitivos. Barcelona: Ariel.</p>

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observaciones



1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo estratéxico 1 y 2 do " III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

3.- Durante o período lectivo da materia, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros de carácter optativo para aprofundar en certos contidos e técnicas moi específicas que complementan o desenvolvemento da materia.

4.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías